

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2024.

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Doutra, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, representante do Concello de Lugo, en calidade de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lugo, en virtude da sesión de toma de posesión celebrada na sesión do Pleno da Corporación de data 18 de xaneiro de 2024. Como alcaldesa ostenta a representación do Concello en virtude do disposto no artigo 124.4 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.

2. Que o Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, modifica a Disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, na que se regula a Inclusión no réxime de Seguridade Social dos alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas nos programas de formación especialmente no recollido na letra b) do punto 1 e na letra b do punto 4.

- A realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desta disposición adicional.

- No caso das prácticas formativas non remuneradas, o cumprimento das obrigacións de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aquelas, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, se subscriba para a súa realización se dispoña que tales obrigacións corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa. Quen asuma a condición de empresario deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que facilite o centro onde se realice a práctica formativa.

3. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo están dispostos a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

En consecuencia, ambas as partes acordan asinar este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio de colaboración

Este convenio terá por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Lugo para o establecemento do período de prácticas en empresa, dirixido ao alumnado de formación profesional e o desenvolvemento do mesmo nas dependencias e áreas do Concello de Lugo que se determinen.

Segunda. Desenvolvemento do período de prácticas en empresa

Os centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que impartan ensinanzas de formación profesional determinarán, por escrito, co Concello de Lugo o alumnado que vaia realizar o

período de prácticas en empresa nas dependencias e áreas de traballo do concello para cada curso escolar e de acordo coas estipulacións previstas neste convenio.

A duración das prácticas, o seu período de realización e o número de alumnos que participarán nelas serán determinadas igualmente por ambas as partes nos acordos específicos que se aprobarán, de ser o caso, e segundo a legalidade vixente.

Habilítase aos responsables dos centros educativos e aos das dependencias e áreas de traballo do Concello de Lugo á concertación dos acordos específicos, en función das posibilidades de recepción do alumnado pola dependencia ou área de traballo do concello e coa antelación suficiente para a programación do período de prácticas. Así mesmo, deberase determinar o calendario e o horario para a realización das mesmas, que terá que axustarse ao previsto no correspondente currículo do ciclo formativo que corresponda, e indicarse na documentación correspondente para cada alumno.

O alumnado que realice as prácticas ao abeiro do presente convenio desenvolverá as actividades formativas programadas nas dependencias e áreas do Concello de Lugo ou mediante teletraballo nos casos que a lexislación ou as directrices do concello así o determinen; ou de ser o caso, naqueles lugares nos que o Concello de Lugo desenvolva a súa actividade e que se determinen por este.

O centro de traballo responsabilizarase da formación do alumnado, para o que designará aos/ás titores/as responsables de cada área formativa. O centro educativo tamén designará un/ha titor/a ou titores/as que colaborarán co/a titor/a do concello na elaboración do programa formativo e no apoio técnico ao alumnado.

Cada alumno/a disporá dun documento de seguimento e avaliación das actividades realizadas, que será supervisado polo titor/a do Concello de Lugo en colaboración co titor/a do centro educativo. No devandito documento figurarán as actividades formativas máis significativas realizadas no Concello de Lugo, con rexistro de data e

dos resultados semanais. Estes resultados semanais reflectiranse nunha ficha de seguimento e avaliación, que cumprirá o titor/a do Concello de Lugo.

Cada alumno/a asistirá ao centro de traballo provisto da súa tarxeta de identificación ou D.N.I., e observará as normas do centro de traballo no tocante á puntualidade, asistencia e comportamento. O centro de traballo poderá desistir libremente de continuar a colaboración formativa, respecto de calquera alumno/a, por incumprimento das normas, abondando para iso unha comunicación escrita ao centro escolar, oído previamente o/a titor/a do/a mesmo/a.

Terceira. Ausencia de relación laboral

O/A alumno/a non terá en ningún caso vinculación laboral co Concello de Lugo, non podendo establecerse entre este e aquel/a ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contratos formativos, previstos no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este convenio queda absolutamente excluído da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre o concello e o/a alumno/a, mentres non se revoque expresamente o convenio de colaboración formativa entre o centro educativo e o concello, respecto dese/a alumno/a.

Dado o carácter formativo das prácticas académicas, estas non poderán dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo; polo que o Concello de Lugo non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do cadro de persoal co alumnado que realice actividades formativas nas súas dependencias.

O alumnado non percibirá do Concello de Lugo ningunha cantidade económica pola realización das actividades formativas. Polo tanto, a sinatura deste convenio non supón compromiso económico algún para o Concello de Lugo.

Cuarta. Riscos e responsabilidade civil

Calquera eventualidade de accidente que se puidera producir será recollida pola normativa vixente en materia de seguro escolar e polos estatutos da mutualidade de tal seguro.

Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumnado, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Durante o tempo que duren as actividades formativas realizadas nas dependencias e áreas do concello o alumnado estará dado de alta na Seguridade Social tal e como establece a Disposición Adicional Quincuaxésima Segunda do Real Decreto Lexislativo 8/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Ley de Seguridad Social na que se regula a Inclusión no réxime de Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas nos programas de formación especialmente o recollido na letra b) do punto 1 e na letra b do punto 4.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asumirá a xestión e o custe económico desta medida.

Quinta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e reunirase cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Estará constituída por:

- a. Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha delas exercerá a presidencia da comisión.
- b. Dúas persoas representantes do Concello de Lugo.
- c. Unha persoa representante da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que exercerá de secretaria.

A comisión terá como funcións facer o seguimento e control do cumprimento do convenio así como interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Sexta. Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes e que deberáselle comunicar á outra cunha antelación mínima de cinco días, e baseada nalgunha das seguintes causas:

- Cesamento de actividades do centro docente ou do Concello de Lugo.
- Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- Incumprimento das cláusulas establecidas no Convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas, ou vulneración das normas que, en relación coa realización das actividades programadas, estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.
- Mutuo acordo entre o centro educativo, adoptado pola súa dirección, e o Concello de Lugo. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación

no convenio por decisión unilateral do centro ou do Concello de Lugo, ou conxunta de ambos os dous, nos seguintes casos:

- Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
- Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia á persoa interesada.

En calquera caso, o convenio non poderá rescindir-se no caso de que haxa alumnos seleccionados para realizar un período de prácticas mentres non rematen estas.

Sétima. Causas de resolución do convenio

Serán causa de resolución do presente convenio:

- a. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b. O acordo unánime dos asinantes.
- c. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Oitava. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o alumnado, os centros educativos e a empresa que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Novena. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décima. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, as partes asinan este convenio de colaboración na data da súa sinatura dixital, constando como data de subscripción a última realizada.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
Román Rodríguez González

A alcaldesa-presidenta do
Concello de Lugo
Mercedes Paula Alvarellos Fondo

